

V SAN SILVESTRE SOLIDARIA DE CAMBADOS 2018

Data: luns, 31 de decembro de 2018.

Hora: a partires das 16:30 h.

Lugar: Cambados

Distancia: de 100 a 4.000 m.

Organiza: Clube Atletismo Cambados e Concello de Cambados

Inscripción: Ver punto 5 do regulamento. Ata o xoves 27 de decembro as 23:59 h.

En www.galitiming.com

Web: atletismocambados.com

Facebook: www.facebook.com/clubeatletismocambados.cac

REGULAMENTO DA PROBA “V SAN SILVESTRE SOLIDARIA DE CAMBADOS 2018”

PREVIO Á CARREIRA

Art. 1o.- Todos os participantes polo feito de inscribirse declaran coñecer, entender e aceptar o presente regulamento.

Art. 2o.- O Clube Atletismo Cambados, con NIF: G94050432 e o Excelentísimo Concello de Cambados ORGANIZAN, o luns 31 de decembro de 2018, a partir das 16:30 horas a “V San Silvestre Solidaria de Cambados” sobre un trazado urbano de 4 Km.

Art. 3o.- PARTICIPANTES E CATEGORÍAS Poderán participar todas aquelas persoas, federadas ou non, que o desexen sempre que estean inscritas, nos prazos establecidos para o efecto pola organización, e cumpran as condicións de participación.

Categorías Establecidas:

A proba absoluta estará aberta a todos os atletas que teñan cumpridos os 14 anos de idade no día da proba (nados no 2004 e anteriores). Hora inicio: 17:30

Para este ano 2018 haberá San Silvestre Solidaria Infantil con tres categorías:

- Chupete San Silvestre para nenos e nenas de 3 a 7 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2018 (nados nos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015), cun percorrido de 100 m. pola Avenida de Galicia. Hora inicio: 16:40
- Mini San Silvestre para nenos e nenas de 8, 9 e 10 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2018 (nados nos anos 2008, 2009 e 2010), cun percorrido de 400 m. polo centro urbano. Hora inicio: 16:50
- San Silvestre Promesas para rapaces e rapazas con 11, 12 e 13 anos cumpridos no día 31 de decembro de 2018 (nados nos anos 2005, 2006 e 2007) , cun percorrido de 800 m. polo centro urbano. Hora inicio: 17:00

Art. 4o.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por

causas alleas á vontade da organización. O feito de inscribirse implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que se expoñen a continuación:

- Cada corredor participa baixo a súa enteira responsabilidade, afirma posuír un nivel de condición física suficiente para afrontar a proba e ter pasado os pertinentes controis médicos de saúde. - A organización non se fai responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do/a participante. - O/A participante exime de toda responsabilidade á organización que puidese derivarse da súa participación no evento (Exemplos: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesións, atropelos, agresións...) - Autorízase á organización o uso de calquera imaxe en publicacións, carteis ... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa e por escrito dirixida á Clube Atletismo Cambados (rúa Montañón de Arriba, 12. Santome – 36630 Cambados) A Organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións expostos no presente regulamento. No caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida neste, estarase ao que dispoña a Organización.

Art. 5o.- INSCRICIÓNS Faranse na páxina web www.galitiming.com ata o xoves 27 de decembro de 2018 as 23:59 h. **Non se admitirán inscricións fora de prazo nin o mesmo día da proba.**

A inscrición será GRATUITA para as categorías infantís e terá un custe de **2 €** para a categoría absoluta. Ademais e debido o carácter solidario da proba, no momento de retiralo dorsal aportarase 1 KG DE CALQUER ALIMENTO NON PERECEDOIRO OU XOGUETES, que serán doados ao Banco de Alimentos dos Servizos Sociais do Concello de Cambados.

A inscrición na proba absoluta quedará limitada a 700 participantes. Para os rapaces limitarase a 350 participantes sumando as tres categorías de idade.

ACCIÓN SOCIAL: todos/as participantes, sexan corredores ou membros da organización e público en xeral, poderán facer unha achega de produtos alimenticios non perecedeiros ou produtos de limpeza e de hixiene persoal, que serán doados ao Banco de Alimentos dos Servizos Sociais do Concello de Cambados. Este ano tamén aceptaremos xoguetes para repartir entre os nenos máis desfavorecidos do Concello.

O DÍA DA PROBA

Art. 6o.- RECOLLIDA DE DORSAIS Farase na zona de saída, na Praza do Concello, nun lugar habilitado pola organización, entre as 15:00 h. e as 16:30 h. do día da proba. Na mesma zona farase a entrega do avituallamento final ao rematar a proba.

Art. 7o.- PERCORRIDO As categorías infantís completarán os seguintes percorridos:

- Chupete San Silvestre para nenos e nenas de 3 a 7 anos: 100 m. pola Avenida de Galicia. Hora inicio: 16:40
- Mini San Silvestre para nenos e nenas de 8, 9 e 10 anos: 400 m. con saída na Praza do Concello, Avenida de Galicia, xiro a esquerda pola Rúa Muelle, xiro a esquerda pola Rúa Rollo, xiro a dereita pola Rúa Caracol, xiro a esquerda pola Praza Ramón Cabanillas e chegada a Meta

no mesmo lugar da Saida. Hora inicio: 16:50

- San Silvestre Promesas para rapaces e rapazas con 11, 12 e 13 anos: 800 m. farán dúas voltas ao seguinte circuito: saída na Praza do Concello, Avenida de Galicia, xiro a esquerda pola Rúa Muelle, xiro a esquerda pola Rúa Rollo, xiro a dereita pola Rúa Caracol, xiro a esquerda pola Praza Ramón Cabanillas e chegada a Meta no mesmo lugar da Saida. Hora inicio: 17:00

- Categoría absoluta, 14 ou máis anos: 4 km. Os corredores completarán 2 voltas de 2,5 km. cada unha ao seguinte circuíto urbano: saída na Praza do Concello, Avenida de Galicia, xiro a esquerda na Rúa Nova, xiro a dereita na Rúa Lugo, xiro de 180 graos pola Rúa Rego, xiro a esquerda pola Rúa Nova, xiro a dereita pola Rúa Rollo, xiro a esquerda pola Rúa Muelle, xiro a dereita pola Rúa Curros Enríquez, xiro a dereita pola Praza do Concello, xiro a dereita pola Praza Ramón Cabanillas, Rúa Infantas, xiro a esquerda pola Rúa Nova, xiro a dereita pola Rúa Hospital, xiro a esquerda pola Rúa Santa Margarita, xiro a esquerda pola Rúa Albariño, xiro a dereita pola Rúa Nova, xiro a esquerda pola Rúa A Mariña, Rúa Eduardo Pondal, xiro a esquerda pola Rúa San Francisco, xiro a esquerda pola Rúa San Francisco, xiro a dereita pola Avda. Pastora, xiro a dereita pola Rúa Isabel II, xiro a dereita pola Rúa Pontevedra, xiro a esquerda pola Rua San Francisco, xiro a esquerda pola Rua Ourense e chegada a Meta no mesmo lugar da Saida.

No Voltas ao circuíto: 2. Distancia: 4 km aprox. Horario da saída: 17:30h Avituallamento na zona de chegada ao rematar a proba.

Art. 8o.- SERVIZOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES Existe un Centro de Saude a 50 m. da Saida que dispoñe dos servizos médicos necesarios en caso de accidente ou lesión. O Concello de Cambados dispoñe dun seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente que ampara a celebración desta carreira.

Art. 9o.- DESCUALIFICACIÓNS Calquer membro da organización, están facultados para retirar da carreira calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente, que non realice o percorrido completo, que non teña dorsal, que manipule a publicidade do dorsal, que manifeste un comportamento non deportivo ou que se reitere en protestas á organización.

Art. 10o.- PERSOAS NON INSCRITAS Toda persoa que corra sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade, non estará cuberta pola Organización. Se é advertida a súa presenza instaráselle a abandonar o circuíto.

POSTERIOR Á CARREIRA

Art. 11o.- PREMIOS:

GAÑADORES DAS PROBAS:

- Chupete San Silvestre: Medallas conmemorativas para todos os participantes.
- Mini San Silvestre: Trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos e femininas e medallas

conmemorativas para todos os participantes.

- San Silvestre Promesas: Trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos e femininas e medallas conmemorativas para todos os participantes.

- **Categoría Absoluta:**

1o Clasificado masculino e feminina: Trofeo e Cesta de Nadal

2o Clasificado masculino e feminina: Trofeo e Lote de Nadal

3o Clasificado masculino e feminina: Trofeo e Lote de Nadal

MELLORES DISFRACES:

- **Mellores disfraces individuais carreiras Infantis (Pitufo, mini Silvestre e San Silvestre promesas):**

1o Clasificado: 100 € en Vale Compra de Zona Centro (a canxear en xogueterias, librarías e tendas de deporte asociadas a Zona Centro)

2o Clasificado: 75 € en Vale Compra de Zona Centro (a canxear en xogueterias, librarías e tendas de deporte asociadas a Zona Centro)

3o Clasificado: 50 € en Vale Compra de Zona Centro (a canxear en xogueterias, librarías e tendas de deporte asociadas a Zona Centro)

- **Mellores disfraces individuais Carreira absoluta :**

1o Clasificado: 150 € en Vale Compra de Zona Centro (a canxear en máis de 100 tendas)

2o Clasificado: 100 € en Vale Compra de Zona Centro (a canxear en máis de 100 tendas)

3o Clasificado: 75 € en Vale Compra de Zona Centro (a canxear en máis de 100 tendas)

- **Mellor disfraz de grupo (minimo 3 para ser grupo):**

1o Clasificado: 150 € en Vale Compra de Zona Centro (a canxear en máis de 100 tendas).
Minimo 3 persoas disfrazadas cun tema común para ser considerado como grupo.

Polo carácter solidario e non competitivo da proba, non haberá máis premios que o poder correr polas rúas da nosa vila o derradeiro día do ano.

Despois da entrega de premios haberá sorteo de lotes de nadal, estuches de viño e regalos das empresas colaboradoras entre todos os participantes da proba absoluta. Tamén haberá sorteo de regalos para os máis pequenos. Sera obrigatorio estar presente co dorsal correspondente para recoller o regalo.

Art. 12o.- SERVIZO DE DUCHA As persoas participantes disporán de servizo de ducha nun pavillón cercano a chegada e que informaremos antes do día da proba.

Para máis información:

www.atletismocambados.com

atletismocambados@gmail.com